

ENTREGA DE TAREFAS

DURANTE O CONFINAMENTO

IES O COUTO

1.

ENTREGA DE ACTIVIDADES POLO ALUMNADO, PAUTAS

As actividades que se entreguen ao profesorado axustaranse ao requirido na tarefa. En caso de dúbida, o alumnado ten á súa disposición os correos do profesorado na Web do centro:

- [Correos do profesorado](#)
- [Cadernos para as familias](#)

Recomendamos a visita diaria á Web do instituto para estar ao día das novas entregas do profesorado e de calquera información relevante que se publique.

- [Web IES O Couto](#)

A partir do día 27 de abril, **na Web do centro**, cada semana terá adxudicada unha cor. Así, todas as actividades que se suban nesa semana aparecerán con esa cor e terán indicada a data de subida. A comunicación de actividades novas dende outras plataformas (Aula Virtual, Edmodo, etc) será comunicada polo profesorado correspondente.

As dificultades para entrar na Aula Virtual serán comunicadas no correo ies.couto@edu.xunta.es, así como ao profesorado correspondente. Deberá indicarse o nome e apelidos do alumno/a, o curso, o grupo e a materia para a que solicita acceso na Aula Virtual.

ENTREGA DE ACTIVIDADES POLO ALUMNADO

* **Actividades para completar no propio documento** e entregar ao profesorado. Entregaranse no formato indicado e no intervalo de entrega que se determine na propia tarefa.

* **Actividades que non precisan completarse no mesmo documento.** Nas instrucións da tarefa indícarase o formato de entrega.

* **Actividades que deben entregarse na Aula Virtual** ou plataformas similares. Seguirán o procedemento indicado polo profesorado para a entrega das tarefas.

1. [Video tutorial para entregar tarefas en Aula Virtual IES O Couto](#)

O alumnado debe revisar que fixo a entrega, e que a fixo no formato indicado. Se o alumno ten algunha dificultade para empregar o formato indicado ou para entregar a tarefa dirixirá canto antes un correo ao profesor correspondente explicándolle o problema.

* **Plataformas de ensino online.** Recoméndase ao alumnado unha visita diaria ás Aulas Virtuais, Classroom, Edmodo para comprobar se os seus profesores subiron novas actividades.

* O alumnado respectará os prazos de entrega marcados para as tarefas. No caso de ter dificultades para facer a entrega en prazo deberá comunicalo ao profesor correspondente ou, se isto non fose posible, ao seu titor.

* Nas comunicacións por correo co profesorado, titorías, equipo directivo, indícarase no corpo do correo:

- Nome e apelidos do alumno ou alumna

- Curso e grupo
- Materia e tarefa
- Dificultade, dúbida... explicadas de forma pormenorizada para facilitar a súa resolución.